

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA DA
FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE**

ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 17 DE XULLO DE 2020

Apróbase por asentimento¹:

- (i) As actas das reunións anteriores.
- (ii) Delégase no coordinador profesional a aprobación do Plan de Prácticas e do cronograma da materia Prácticas Externas do primeiro cuadrimestre do curso académico 2020/21 e a resolución provisional e definitiva da asignación dos despachos ao alumnado da materia Prácticas Externas. Delégase na coordinadora académica a designación de titores académicos.
- (iii) En relación coas guías docentes:
 - a. Ratifícanse as guías docentes do Máster universitario en Avogacía para o curso 2020/2021.
 - b. Se nesta fase é posible aínda introducir modificacións, inclúase nas guías o nome correcto do Colexio da Avogacía e linguaxe inclusiva; e no caso de que non sexa posible, que se teña en conta para as guías do 2021-2022.
- (iv) O calendario de actividades docentes y de avaliación do Máster universitario en Avogacía para o curso 2020/2021.
- (v) Os horarios do Máster universitario en Avogacía para o curso 2020/2021.
- (vi) O calendario de exames do Máster universitario en Avogacía para o curso 2020/2021.
- (vii) A Xornada de Acollida do Máster universitario en Avogacía para o curso 2020/2021.
- (viii) En relación co TFM:
 - a. O prazo de presentación do Anexo I e tribunal avaliador, que se publicarán na web do Máster.
 - b. Un procedemento de asignación de titores para o Traballo de fin de máster, no que os estudantes NON se porán en contacto cos titores que desexan, senón que enviarán as súas propostas a través de faitic, e o coordinador de materia e a coordinadora académica farán un reparto equitativo (máximo 2 estudantes por pdi) en función das cualificacións dos expedientes académicos.
 - c. O tribunal para o curso 2020-2021:

Tribunal titular:

1. Presidenta: Prof. Dra. Francisca Fernández Prol -sector docentes con vinculación permanente á Universidade de Vigo con docencia no mestrado-

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría da Comisión Académica do Mestrado (despacho núm.4-1, 3º andar).

2. Vogal: Letrado D. David de León Rey -sector avogadas/os con docencia no mestrado -.

3. Secretaria: Profa. Dra. Lydia Noriega Rodríguez -sector docentes con vinculación permanente á Universidade de Vigo con docencia no mestrado-.

Suplentes:

Suplentes do sector do profesorado: 1ª. Prof. Dra. Ana Mª Tobío Rivas; 2º. Miguel Michinel Álvarez.

Suplente do sector do letradas/os: Letrado D. Ricardo Rodríguez Álvarez.

(ix) Delégase na coordinadora académica a aprobación das listaxes provisionais e definitiva de estudantes admitidos.

Ourense, 17 de xullo de 2020

O SECRETARIO DA COMISIÓN ACADÉMICA
Máster universitario en Avogacia
Facultade de Dereito
Universidade de Vigo



Roberto O. Bustillo Bolado

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.